

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES:

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

Xesús Santaló Ríos
(Representante do Colexio de avogados de Pontevedra)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC de Pontevedra)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE TABOEXA (AS NEVES**

Óscar González Álvarez
Francisco Javier López Pérez

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:00 horas do día 30/11/2021 coa asistencia das persoas á marxe indicadas, reúnese, mediante videoconferencia os representantes da CMVMC de Taboexa e de xeito presencial os restantes membros , no 2º andar do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación dos **montes denominados " Monte Taboexa"**, solicitados a favor dos **veciños da CMVMC de Taboexa, da parroquia de Taboexa (As Neves)**

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro. O 14/01/2019, a CMVMC de Taboexa, parroquia de Taboexa, concello de As Neves, solicita a clasificación como monte veciñal en man común (en diante MVMC) das parcelas Fraga do Rei, Castro de Altamira, Bouza Vella, Carreira Chan-Monte da Feira, Bouza de Abaixo, Quinta, Arrubial, Cerrado e Mariño a favor dos veciños da parroquia de Taboexa, concello As Neves, Pontevedra

- Parcela: Castro de Altamira composto polas referencias catastrais 36034A08700377, 36034A08700379 e 36034A08700380. Superficie total 1,9553 has
- Parcela: Bouza Vella composto polas referencias catastrais 36034A09000231 e 36034A09000232. Superficie total 1,2951 has
- Parcela: Carreira Chan-Monte da Feira composto pola referencia catastral 36034A09000230. Superficie total 0,3275has
- Parcela: Bouza de Abaixo composto pola referencia catastral 36034A09000123. Superficie total 0,0638 has
- Parcela: Quinta composto polas referencias catastrais 36034A10000015 e 36034A10000016. Superficie total 2,0464 has
- Parcela: Arrubial composto polas referencias catastrais 36034A08800055 e 36034A08800056. Superficie total 1,4817 has
- Parcela: Cerrado composto pola referencia catastral 36034A10100003 Superficie total 1,1727 has
- Parcela: Mariño composto polas referencias catastrais 36034A10200011 e 36034A10200012. Superficie total 0,7059 has.

Coa solicitude xunta a seguinte documentación:

- Correspondencia catastral do ano 2019 coas parcelas do catastro de rústica de 1956. Cartografía do catastro de 1956.
- Correspondencia de titulares catastrais do ano 2019 cos titulares de catastro de rústica de 1956 asinado por enxeñeiro técnico forestal colexiado núm.908.
- Certificado do 06/11/2018 da secretaria-interventora e coa conformidade do alcalde do concello das Neves que cita "as referencias catastrais 36034A100000150000WH e 36034A100000160000WW (Quinta) non son de titularidade municipal, dado que non constan no inventario municipal, aparecen como baldío e non coma ben do Concello".

- Certificado do secretario coa conformidade do presidente da CMVMC de Taboexa de aprobación na Asemblea xeral extraordinaria do 25/11/2018 da solicitude de clasificación das anteditas parcelas.
- Expediente de axudas 14360084/2001. Memoria técnica descritiva de tratamentos silvícolas no MVMC de Taboexa. Visado o 06/07/21. e folla de comprobación de certificación de obra de 8,00 has. T
- Expedientes de axudas 14360104/2001. Folla de comprobación de certificación de obra de 25,00 has.
- Plan de cortas de aproveitamentos forestais de maio de 2008.
- Informe de validación gráfica catastral

Segundo. O 07/02/2019, o xefe da Sección de Topografía informa da posibilidade de identificación das parcelas Fraga do Rei, Castro de Altamira, Bouza Vella, Carreira Chan-Monte da Feira, Bouza de Abaixo, Quinta, Arrubial, Cerrado e Mariño. Asemade, informa da non clasificación das parcelas por atoparse fóra do esbozo do estudo previo da carpeta-ficha (acordo do Xurado de MVMC de Pontevedra do 01/10/2009).

Terceiro. O 12/07/2019, o Xurado de MVMC de Pontevedra acorda incoar expediente de clasificación das parcelas: Fraga do Rei, Castro de Altamira, Bouza Vella, Carreira Chan-Monte da Feira, Bouza de Abaixo, Quinta, Arrubial, Cerrado e Mariño. Nomea coma instrutora a Amalia Elsa Pazos Pintos. Este acordo notifícase o 15/07/2019 á CMVMC de Taboexa e o 17/07/2019 ao concello das Neves. O 19/07/2019 notifícase a suspensión de prazos á CMVMC de Taboexa.

Cuarto. Á vista da documentación presentada polos solicitantes e o informe do Servizo de montes, os montes obxecto do presente expediente, obedecen á seguinte descrición:

Concello: As Neves

Parroquia: Taboexa

Nome do monte:Taboexa

- Paraxe Fraga do Rei

Parcela 1.- Referencia Catastral 36034A091002430000HT

Cabida: 2.756 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es
Norte	Antonio Domínguez Gomez María Dolores González Rodríguez
Sur	Rego do Caneiro Carlos Pérez Álvarez Amelia Rodríguez Carballo
Leste	María Amparo Carballo Fernández Modesto Rodríguez Alonso Clemente González Rodríguez Mercedes Fontán Eiro
Oeste	Camiño Primitiva Lago Rodríguez Amelia Rodríguez Carballo

Parcela 2.- Referencia Catastral 36034A091002420000HL

Cabida: 6.518 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

Norte	Titular/es
	Francisco Alvarez Fortes Amelia Rodríguez Carballo

	Concepción Lano del Riego Saladina Alonso Carrera Esperanza Vidal Fernández Modesto Rodríguez Alonso
Sur	Rego do Caneiro
Leste	Camiño
Oeste	María Amparo Carballo Fernández Mercedes Fontán Eiro

Parcela 3.- Referencia Catastral 36034A091002410000HP

Cabida: 2.843 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es
Norte	Rego do Caneiro
Sur	Francisco Álvarez Fortes Rosa Domínguez Gómez José Álvarez Domínguez María de la Concepción Fernández Fortes Casimiro Estévez Gil José Manuel Conde Fernández Amelia Rodríguez Domínguez María Leonisa Amil Alonso
Leste	Camiño
Oeste	Camiño

- Paraxe Castro Altamira

Parcela 1.- Referencia Catastral 6034A087003770000HS

Cabida: 14.145 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es
Norte	Roberto Araujo Ledo
Sur	Camiño do Santo MVMC dos Veciños de Taboexa
Leste	Ramiro Rodríguez Rodríguez Antonio Alén Otero
Oeste	María del Carmen Certal Novoa María Luis Iglesias Forte Antonio Domínguez Gil Celso Rodríguez Sotelo María Álvarez González María del Carmen Estévez Gil Alejandro Manuel Miguez Álvarez María Cristina Alonso Vázquez Hilga Gil Franco Josefa Rodríguez Míguez Purificación Moldes Fernández Benito Expósito Pérez

Parcela 2.- Referencia Catastral 6034A087003770000HS

Cabida: 5.338 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es
Norte	Camiño do Santo Josefa Rodríguez Míguez
Sur	Camiño
Leste	Camiño
Oeste	Camiño

Parcela 3.- Referencia Catastral 36034A087003800000HS

Cabida: 70 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es
Norte	Monte Veciñal en Man Común de Taboexa
Sur	Monte Veciñal en Man Común de Taboexa
Leste	Monte Veciñal en Man Común de Taboexa
Oeste	Monte Veciñal en Man Común de Taboexa

- Paraxe Bouza Vella

Parcela 1.- Referencia Catastral 36034A090002320000HP

Cabida: 8.448 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es
Norte	Camiño
Sur	Alejandro Vidal Fernández

	<p>Primitiva Domínguez Gómez</p> <p>Inés Fernández González</p> <p>Celso Rodríguez Alonso</p> <p>Josefa Álvarez González</p> <p>María del Carmen Eiro Álvarez</p> <p>Carmen Rodríguez López</p> <p>Amadeo Rodríguez Rodríguez</p> <p>José Vicente Gil Álvarez</p> <p>Clemente González Rodríguez</p> <p>Narcisa Piñeiro González</p>
Leste	Amadeo Rodríguez Rodríguez
Oeste	<p>Antonio González Rodríguez</p> <p>María Vidal Barbeito</p> <p>José Vicente Gil Álvarez</p>

Parcela 2.- Referencia Catastral 36034A090002310000HQ

Cabida: 4.503 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es
Norte	<p>Preciosa Rodríguez Vidal</p> <p>María Rudesinda Estévez Carrera</p> <p>Lótica Condado, SL</p> <p>María Vidal Barbeito</p> <p>Eugenia Conde Carrera</p> <p>Manuel Lenza Seijas</p> <p>Josefa Álvarez González</p>

	Esperanza Vidal Fernández Manuel Alonso Carrera Marcial Fernández de Jesús
Sur	Camiño
Leste	Camiño Lótica Condado, SL
Oeste	Camiño

- Paraxe Carreira Chan-Monte da Feira

Referencia Catastral 36034A090002300000HG

Cabida: 3.275 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es
Norte	Preciosa Rodríguez Vidal
Sur	Camiño
Leste	Camiño
Oeste	María Isabel Fernández Vidal Estrada Diputación

- Paraxe Bouza de Abaixo

Referencia Catastral 36034A090001230000HZ

Cabida: 638 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es

Norte	Antonio Álvarez Vidal
Sur	Juan Manuel Fernández Fernández Camiño
Leste	Antonio Álvarez Vidal
Oeste	Elvira Vidal Fernández

- Paraxe Quinta

Parcela 1.- Referencia Catastral 36034A100000160000WW

Cabida: 17.107 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es
Norte	CMVMC de Vilacoba
Sur	A52- Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente
Leste	Camiño
Oeste	Camiño

Parcela 2.- Referencia Catastral 36034A100000150000WH

Cabida: 3.357 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es
Norte	A52- Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente
Sur	Camiño

Leste	Camiño
Oeste	A52- Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente

- Paraxe Arrubial

Parcela 1.- Referencia Catastral 36034A088000560000HK

Cabida: 11.920 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es
Norte	Camiño
Sur	Gabino Malga González Marcelina Iglesias Rodríguez Modesto Rodríguez Alonso Ana María González Álvarez Celso Rodríguez Álvarez Francisco Álvarez Amil Adoración Gil Martínez Francisco Rodríguez Míguez Celso Rodríguez Sotelo Antonio Domínguez Gil Manuel Costa Fortes Monte Veciñal en Man Común de Taboexa
Leste	Camiño
Oeste	Camiño

Parcela 2.- Referencia Catastral 36034A088000550000HO

Cabida: 2.897 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es
Norte	Josefa González González Alicia González Cambra
Sur	Camiño
Leste	Camiño
Oeste	Argentina Álvarez José Rodríguez Rodríguez Ana María González Álvarez Cándido Álvarez Alonso José Gil Gil Modesto Rodríguez Alonso

- Paraxe Cerrado

Referencia Catastral 36034A101000030000WL

Cabida: 11.727 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es
Norte	A52- Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente
Sur	Estrada Xunta de Galicia Manuel Paz López Ramiro Fernández Vidal
Leste	A52- Ministerio de Obras Públicas, Transportes e

	Medio Ambiente
Oeste	Camiño

- Paraxe Mariño

Parcela 1.- Referencia Catastral 36034A102000110000WP

Cabida: 1.982 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es
Norte	Camiño
Sur	Propietario particular
Leste	Propietario particular
Oeste	Propietario particular

Parcela 2 .- Referencia Catastral 36034A102000120000WL

Cabida: 5.077 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

	Titular/es
Norte	A52- Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente
Sur	Camiño
Leste	Propietario particular
Oeste	Propietario particular

Quinto. O 15/10/2020 a CMVMC de Taboexa chega a mesma documentación que presentou coa solicitude para acreditar o aproveitamento veciñal en man común por parte dos veciños da parroquia de Taboexa.

Sexto. O 03/01/2020, a xefa da Área de montes veciñais en man común emite informe preceptivo do Servizo de Montes:

"(...)Fraga do Rei. Parcelas 1, 2 e 3 coincidentes coas parcelas 243, 242 e 241 do polígono 91

1. Corresponde na súa totalidade coas parcelas catastrais 36034A09100243 (1) de 2.756 m², 36034A09100242 (2) de 6.518 m² e 36034A09100241 (3) de 2.843 m², todas elas a nome da comunidade.

2. Se accede a estas parcelas por un camiño sen asfaltar. Están delimitadas ao Norte, Leste e Oeste por camiño e ao Sur por muro de pedra e situadas a un e outro lado do rego do Caneiro.

3. As parcelas 2 e 3 están poboadas por vexetación de ribeira: carballos, loureiros, salgueiros e xestas. A parcela 1 está poboada fundamentalmente por fustal de eucalipto e pino do país e rebrotes de eucalipto, cun estrato arbustivo formado por xestas, silvas, toxos e salgueiros. Apareciase restos de incendios.

4. Non se aprecia signos de aproveitamento recente.

Castro Altamira. Parcelas 4, 5 e 6 coincidentes coas parcelas 377, 379 e 380 do polígono 87

1. Corresponde na súa totalidade coas parcelas catastrais 36034A08700377 (4) de 14.145 m², 36034A08700379 (5) de 5.338 m² e 36034A08700380 (6) de 70 m² (edificación da capela de San Bartolomé), todas elas a nome da comunidade.

2. Se accede a estas parcelas por un camiño de terra que delimita a parcela 379 polo Sur e Leste.

3. A parcela 380 (6) corresponde á capela de San Bartolome e a 379 (5), a parcela que contén a capela. Ao redor da capela, hai diferentes especies arbóreas plantadas: plátano, carballo, érbedo e castiñeiros e encontrase limpa de vexetación. A ladeira desta parcela está poboada fundamentalmente por xestas, fentos e algún carballo e eucalipto.

A parcela 377 é unha ladeira orientada ao Suroeste. Na parte Sueste desta parcela hai unha plantación recente de pino do país (3- 4 zumes) e brotes de eucaliptos. O resto da parcela fundamentalmente poboada por xestas, fentos, loureiros e algún carballo e eucalipto adulto. Apreciase restos de madeira queimada e cortada.

4. A capela e a superficie que a rodea ten un uso social e relixioso e no resto da superficie existe unha parte plantada e restos de corta.

- Bouza Vella. Parcelas 7 e 8: coincidentes coas parcelas 232 e 231 do polígono 90

1. Corresponde na súa totalidade coas parcelas catastrais 36034A09000232 (7) de 8.448 m², 36034A09000231 (8) de 4.503 m², ambas as súas a nome da comunidade.

2. Se accede a estas parcelas por unha pista que está incluída e delimita este conxunto ao Oeste. Son dous parcelas que se prolonga de Oeste ao Leste, ao longo dun camiño sen asfaltar, separado por muro de pedra.

Dentro da parcela 232(7) hai un depósito de auga (parcela catastral 245), que non está incluído na solicitude.

3. As dous parcelas forestais, están poboadas por alto latizal e fustal baixo de eucalipto e rebrotes de eucalipto, algún carballo e un substrato arbustivo formado por xestas e toxos.

4. Non se aprecia signos de aproveitamento recente.

- Carreira Chan-Monte da Feira Parcela 9 e Bouza de Abaixo parcela 10 coincidentes coas parcelas 230 e 123 do polígono 90

1. Corresponde na súa totalidade coas parcelas catastrais 36034A09000230 (9) de 3.275 m² e 36034A09000123 (10) de 638 m², ambas as dúas a nome da comunidade.

2. Se accede á parcela 9 directamente pola rotonda do Deus mercurio, que comunica a estradas EP-4202 co a PO-402. Está delimitada esta parcela ao Oeste por esta rotonda, ao Leste por camiño de terra e ao Norte e Sur por cerramentos, uns de pedra e outros de bloques e arames.

Á parcela 10 accedese seguindo o camiño que atravesa a parcela 9 de Leste a Oeste, e continuando por camiño de terra. Se encontra moi preto da estrada PO-402, no seu acceso á autovía A-52. Está delimitada ao Sur por marcos de pedra e unha senda.

3. A parcela 9 encontrase poboada por carballos na parte Sur do camiño que atravesa a parcela e por rebrotes e latizal de eucalipto na parte Norte deste camiño. Sen practicamente vexetación arbustiva e subarbustiva, exceptuando algún fento.

Atravesan a parcela dous liñas eléctricas, unha de media e outra de baixa. Na parte Oeste encontrase dous apoios, un da liña de baixa e outro da liña de media, e unha caseta de transformación.

A parcela 10 encontrase poboada por latizal e rebrotes de eucalipto intercalado co rexenerado de carballo e cunha abundante vexetación arbustiva e subarbustiva de xestas e fentos.

4. A parcela 9 ten varias servidumes, o camiño que atravesa a parcela de Leste a Oeste e as liñas eléctricas, e as ocupacións dos apoios e a caseta de transformación.

Na parcela 10 non se aprecia signos de aproveitamento recente.

Quintas: parcelas 11 e 12 e Carrado: parcela 15 coincidentes coas parcelas 16, 15 do polígono 100 e 3 do polígono 101

1. Corresponde na súa totalidade coas parcelas catastrais 36034A10000016 (11) de 17.107m², 36034A10000015 (12) de 3.357m² e 36034A10100003 (15) de 11.727 m², 11 e 12 en Investigación e a 15 a nome da comunidade.

2. Se accede á parcela 15 (36034A10100003) directamente dende a estrada PO-402 e ás parcelas 11 e 12 (36034A10000016 e 36034A10000015) dende o camiño que cruza a autovía A-52.

A parcela 15, está delimitada: á Norte pola autovía A-52, á Sur pola estrada PO-402 e o cerramento de pedra de dous viñedos, á Leste polo camiño asfaltado que cruza a autovía A-52 e á Oeste por camiño asfaltado e muro de pedra.

A parcela 12 encontrase delimitada: á Norte pola autovía A-52, á Sur e Oeste polo camiño asfaltado que cruza a autovía A-52 e á Leste por un camiño de terra e o cerramento de pedra das fincas lindeiras.

A parcela 11 está a carón dun campo de fútbol e un circuíto de motos (terreo pertencente á CMVM de Taboexa). Delimitada: á Norte polo límite municipal de Ponteareas, á Sur pola autovía A-52, á Leste por senda e á Oeste polo camiño asfaltado que cruza a autovía A-52.

3. As parcelas 12 e 15, non son forestais, están limpas de vexetación excepto pola existencia duns 12 pés de plátano adulto e algún pino. Están atravesadas por liñas eléctricas e na parcela 15 encóntrase unha plataforma que utilízase de cargadoiro de madeira.

A parcela 11 encontrase orientada ao Oeste, está atravesada por unha liña eléctrica de Noroeste a Sueste. Está poboada por un fustal baixo e medio de pino do país co re-xenerado de carballo e un estrato arbustivo de xestas, toxos, carpazo e silvas.

4. A parcela 12 e sobre todo a 15 utilízanse como cargadoiro de madeira. Na parcela 11 non se aprecia signos de aproveitamento recente.

Arruibal: Parcelas 13 e 14 coincidentes coas parcelas 55 e 56 do polígono 88

1. Corresponde na súa totalidade coas parcelas catastrais 36034A08800055 (13) de 2.897 m² e 36034A08800056 (14) de 11.920 m², a nome da comunidade.

2. Se accede as dous parcelas por unha pista forestal co referencia catastral 36034A08809015. Desta pista parte un camiño de terra (36034A08809013) que divide as dous terreos de Leste a SurOeste.

A parcela 14 (36034A08800056) está atravesada polo regueiro de Arruibal.

3. Son dous parcelas forestais onde se aprecia indicios de incendios de anos anteriores (pes secos de pino do país e eucaliptos), rebrotes de eucaliptos, algún carballo e vexetación arbustiva e subarbustiva formada por xestas, toxos, carqueixas, silvas e fentos. A lo largo do regueiro apreciase vexetación de ribeira.

4. Non se aprecia ningún uso definido

Mariño: Parcelas 16 e 17 coincidentes coas parcelas 11 e 12 do polígono 102

1. Corresponde na súa totalidade coas parcelas catastrais 36034A10200011 (16) de 1.982 m² e 36034A10200012 (17) de 5.077 m², a nome do concello das Neves.

2. Se accede ás dous parcelas por un camiño asfaltado dende a estrada PO-402. Se encontran a carón da autovía A-52 e están separadas por un camiño de terra.

Están delimitadas ao Norte por un cerramento de arame da autovía A-52, ao Leste e Sur por cerramentos das fincas contiguas e Oeste por un madarrón de terra.

3. A parcela núm. 17 (36034A10200012) encóntrase rozada. Observase unha plantación de cereixos de diferentes idades (10-20 cm de diámetro) intercalada co pinos do país de 1,5-2 m de altura e algún castiñeiro. Na parte Leste desta parcela encontrase unha plantación de chopos (20-30 cm de diámetro) e un lavadoiro, e por encima do talude, na parte Sueste unha plantación de cereixos.

A parcela núm. 16 (36034A10200011) está atravesada por un camiño. Encontrase a diferente altura que a anterior parcela, separada de ela por un camiño e por un talude.

Poboada por uns 20 a 30 pés de carballos de aproximadamente 10 cm de diámetro. Obsérvase listóns de pedra amontoada na linde Sur desta parcela.

4. As parcelas foron rozadas e existe plantacións de diferentes especies de arborado: cereixos, pino do país e chopos. Encóntrase na parcela núm 17 un lavadoiro e na parcela 16 listóns de pedra amontoados."

Sétimo . O 23/11/2020, o Rexistro da Propiedade de Ponteareas certifica que as fincas das que se insta a clasificación non se atopa inscrita no Rexistro. Ordénase as anotacións preventiva no Rexistro da Propiedade de Ponteareas, notifícase o trámite de audiencia, publícase edicto no concello de As Neves e no DOG o anuncio do 1 de marzo de 2021, do Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra, polo que se publica o acordo de inicio do expediente de clasificación a favor da CMVMC de Taboexa, do concello das Neves (DOG núm.50, do 15 de marzo).

Oitavo. Dentro do período do trámite de audiencia non se reciben alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter segundo o establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. O artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común define o monte veciñal en man común:

"Son montes veciñais en man común e se rexerán por esta Lei os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños".

Deste xeito para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de forma continuada, así o establece o antedito artigo 1 da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluíndo que o decisivo para a inclusión

dun monte na categoría de veciñal en man común, é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de xeito continuado.

Na clasificación do Xurado de MVMC do 05/12/1980 clasifícanse 2 cotos redondos a favor da CMVMC de Taboexa: Monte Basquidas e Monte Sandomedio que non se atopan deslindados na actualidade.

As parcelas Quinta, Arrubial e Mariño son lindeiras ao monte Basquidas e a parcela Fraga do Rei moi próxima ao NOE do monte Sandomedio.

Neste caso, o Xurado acordou iniciar o expediente de clasificación destas parcelas ao non poder acreditar que estas estivesen dentro do monte clasificado o 05/12/1980, tendo en conta a falta de deslinde e o informe previo á clasificación no que consta que " *as parcelas atópanse fora da zona sombreada a esta comunidade*". Tramitado o expediente de clasificación e á vista da documentación achegada pola comunidade poderían considerarse clasificadas no caso de realizarse o deslinde do monte, circunstancia que deberá valorarse nese momento co obxecto de evitar a duplicidade de parcelas.

No expediente de axudas 14360084/2001 e plan de cortas execútanse traballos forestais no entorno das parcelas Arrubial e Castro Altamira. No expediente de axudas 14360104/2001 execútanse traballos forestais no entorno da Mariño.

As parcelas Fraga do Rei, Bouza Vella, Bouza de Abaixo, Quinta, Arrubial e Cerrado teñen, en xeral, vocación forestal con plantacións de frondosas, limpezas recentes, masas de latizal de piñeiro e eucalipto verde ou queimado e cargadoiro de madeira.

As parcelas Mariño, Carreira Chan-Monte da Feira e Castro Altamira teñen un uso social, recreativo e cultural e incluso con plantacións recentes de frondosas. A parcela Castro Altamira atópase no entorno do Castro do Coto de Altamira e a Capela de San Bartolomeu.

Terceiro. O uso ou aproveitamento en man común das parcelas Fraga do Rei, Castro de Altamira, Bouza Vella, Carreira Chan-Monte da Feira, Bouza de Abaixo, Quinta, Arrubial, Cerrado e Mariño quedan suficientemente acreditado pola documentación achegada ao expediente.

Finalmente, o feito de que durante a tramitación do expediente non consten alegacións á clasificación como MVMC de terceiros que acreditasen un uso privativo destas parcelas, demostra que existe un aproveitamento público, pacífico e continuado


en común por parte dos veciños dos veciños da parroquia de Taboexa, concello das Neves.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, propónse pola instrutora e **o Xurado acorda** por unanimidade: **CLASIFICAR** como monte veciñal en man común **o Monte Taboexa**, conformado polas **parcelas Fraga do Rei, Castro de Altamira, Bouza Vella, Carreira Chan-Monte da Feira, Bouza de Abaixo, Quinta, Arrubial, Cerrado e Mariño solicitadas a favor da CMVMC de Taboexa, parroquia de Taboexa (As Neves)** de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito cuarto conforme a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e que forma parte inseparable da presente resolución (Informe validación gráfica CSV: ZX384RRZQ1YPW2AA).

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa



The image shows several handwritten signatures in blue ink. In the center, there is a circular official stamp. The stamp contains the text: 'XUNTA DE GALICIA' at the top, 'PROVINCIA DE PONTAVEDRA' on the left, 'CONSELERÍA DO MEDIO RURAL' at the bottom, and 'XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN' around the inner border. In the center of the stamp is a small crest with a crown and a shield.



Concello de Salvaterra de Miño

Concello de As Neves

PARCELAS CLASIFICADAS

- Parcela 1.- 36034A09100243 de 2.756 m².
- Parcela 2.- 36034A09100242 de 6.518 m².
- Parcela 3.- 36034A09100241 de 2.843 m².
- Parcela 4.- 36034A08700377 de 14.145 m².
- Parcela 5.- 36034A08700379 de 5.338 m².
- Parcela 6.- 36034A08700380 de 70 m².
- Parcela 7.- 36034A09000232 de 8.448 m².
- Parcela 8.- 36034A09000231 de 4.503 m².
- Parcela 9.- 36034A09000230 de 3.275 m².
- Parcela 10.- 36034A09000123 de 638 m².
- Parcela 11.- 36034A10000016 de 17.107 m².
- Parcela 12.- 36034A10000015 de 3.357 m².
- Parcela 13.- 36034A08800056 de 11.920 m².
- Parcela 14.- 36034A08800055 de 2.897 m².
- Parcela 15.- 36034A10100003 de 11.727 m².
- Parcela 16.- 36034A10200011 de 1.982 m².
- Parcela 17.- 36034A10200012 de 5.077 m².


XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 Depart. Territorial de Pontevedra
 Servizo de Montes

Clasificación de 17 parcelas

CMVMC de Taboexa. Concello de As Neves.

Pontevedra Escala 1:9.000 (etrs-89) Dec - 2021



